



Facultativo/a Especialista en Cirurxía Plástica, Estética e Reparadora

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Levaron as persoas feridas ata a ambulancia en:

- A) Camiolas.
- B) Camillas.
- C) Padiolas.
- D) Ancarellas.

2. Sinale o topónimo galego que está ben escrito:

- A) Sanjenjo.
- B) Piedrafita do Cebreiro.
- C) Vilagarcía de Arousa.
- D) Caldas de Reies.

3. Nas seguintes oracións hai unha na que se emprega MAL o infinitivo conxugado. Indique cal é:

- A) Chamáronme ao non chegaren os meus pais.
- B) Convén subirmos á casa, que é hora de xantar.
- C) Por faceres eles a garda, nós libramos esta semana.
- D) Non chegamos a tempo ao quirófano por non escoitarmos o aviso.

4. Sinónimo de chuvia forte, intensa:

- A) Chuvieira.
- B) Chuviscada.
- C) Poalleira.
- D) Chuvión.

5. Indique a frase correcta:

- A) Ista semán entra a primavera.
- B) Esta semán entra a primaveira.
- C) Ista semana entra a primaveira.
- D) Esta semana entra a primavera.

6. Escolla a opción que NON indica as dúas partes laterais da fronte que se corresponden co óso parietal:

- A) Vidallas.
- B) Tempas.
- C) Teimas.
- D) Sens.

7. Marque a correcta:

- A) Cirurxián – cirurxiá.
- B) Ciruxián – ciruxiana.
- C) Ciruxano – ciruxana.
- D) Cirurxano – cirurxana.

8. Cal destas palabras presenta unha acentuación incorrecta?

- A) Omoplata.
- B) Biceps.
- C) Medula.
- D) Traquea.

9. Líquido composto de auga e outras substancias que se emprega para branquear a roupa e para limpeza e a desinfección en xeral:

- A) Lexía.
- B) Lixía.
- C) Liviana.
- D) Lixivia.

10. Se me van operar á media tarde, é probable que en todo o día non me deixen probar bocado; é dicir, que me fagan:

- A) Aiunar.
- B) Xaxuar.
- C) Famear.
- D) Axunar.

Preguntas de reserva

1. Idea ou opinión que se basea en indicios ou aparencias, sen un fundamento certo:

- A) Conxectura.
- B) Conxetura.
- C) Conxeitura.
- D) Consetura.

2. Pase ao plural a oración "Paseaba polo xardín do hospital comarcal":

- A) Paseaban polos xardíns dos hospitais comarcais.
- B) Paseaban polos xardines dos hospitales comarcales.
- C) Paseaban polos xardines dos hospitais bisbarrais.
- D) Paseaban polos xardís dos hospitás comarcás.